

Poetas gregos do século XX: Yannis Ritsos¹

ANDRÉS POCIÑA
Universidad de Granada

A emoción de falar por primeira vez en público na miña cidade natal de Lugo a penas me permite expresar o meu agradecemento ó querido amigo Claudio Rodríguez Fer por invitarme a este Curso sobre Poesía do noso tempo, tema que me apaixona. E tampouco resulta doado xustificar o meu atrevemento de falar sobre o tema que me foi proposto, os poetas gregos do século XX, pois non corresponde a miña dedicación normal, que é a profesor e estudioso da literatura latina. De todas maneiras, é verdade que vou falar dunha paixón miña, a literatura grega moderna, que me levou a estudar algo esa fermosa lingua, con problemas moi semellantes ós da galega, da que mesmo traducín bastante, sempre ó galego, co meu querido amigo e colega Mosjos Morfakidis, en colaboración co que publiquei no ano 1994 unha fermosa antoloxía bilingüe, *Poesía grega do século XX*, cunha selección de 39 poetas, única existente naquela data en calquera lingua do estado español, e que tivo excelentes recensións..., pero que en Galicia pasou sen pena nin gloria.

1. POETAS GREGOS DE HOXE

Entrando xa no tema proposto, o primeiro que tiven que preguntarme foi de qué poetas debía falarvos nesta sesión, porque a verdade é que a poesía grega dos séculos XIX e XX é abundantísima en nomes propios ilustres, que non admiten doadamente calquera tipo de selección. Non é moi grande o número dos novelistas ou dos dramaturgos gregos de século XX; en cambio, xa digo, resulta moi elevado o número dos poetas, que, por outra banda, gozan dunha inmensa consideración. Hai nisto un claro paralelismo coa nosa literatura galega.

Un dos grandes problemas para falar da poesía grega do XX consiste na súa ordenación, sendo a periodización dos poetas gregos tema de longa controversia nos diversos tratadistas da historia literaria da Grecia moderna; o resultado son as diversas

¹ Publico aquí o texto da conferencia que pronunciei na Facultade de Humanidades de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela), o día 14 de xullo de 2003, no Curso de Verán “Poetas europeos contemporáneos”, sen máis cambios no texto que a incorporación dalgunhas notas, de natureza sobre todo bibliográfica, referente sobre todo a estudos e traducións publicados en España, que me pareceron indispensabeis. De gran axuda servíume o instrumento bibliográfico fundamental: Moschos Morfakidis, *Bibliografía de estudios neogriegos en español y en otras lenguas ibéricas*, Granada, 1998.

posturas que se atopan en estudiosos como Kampanis², Mirambel³, Lavagnini⁴ ou Vitti⁵. Nese mar de solución distintas, Mosjos Morfakidis e máis eu⁶ optamos por unha solución nosa, bastante próxima á empregada por Linos Politis na súa *Antoloxía* da poesía grega, publicada en oito volumes por Edicións Dodoni de Atenas⁷, obra fundamental nos estudos da poesía grega moderna, así como na súa *Literatura*⁸. Deste xeito, nós arranxamos os poetas gregos do século XX nos seguintes capítulos:

1. Kavafis, Sikelianós e a poesía ata 1930.
2. A xeración do 30.
3. Os poetas de Salónica.
4. A poesía da posguerra.
5. Os poetas dos últimos decenios.

Dito esto, quizais debería ocuparme dos poetas deste último apartado. Mais non vou facer tal. Despois de darlle bastantes voltas, pensei que o mellor era falar un pouquiño de catro poetas que, en certo modo, fundamentan toda a poesía grega do século XX: Kavafis, Sikelianós, Kariotiakis e Kazantzakis, todos eles do noso primeiro período; pasar despois ás carreiras pola espléndida Xeración do 30, lembrando polo menos as figuras senlleiras de Seferis e Elytis, que deron a Grecia os únicos dous premios Nobel da súa literatura..., e deste xeito chegar por fin a Yannis Ritsos, e quedarme con el, porque, para ser sincero, é de Ritsos de quen podo falar con máis comodidade, froito de bastante tempo dedicado á lectura e análise da súa poesía.

2. CONSTANTINO KAVAFIS (1863-1933)

Non se pode falar de poetas gregos do século XX sen ter un recordo, por pequeno que deba ser, para Kavafis..., anque, para sermos rigorosos, teríamos que remontar un pouco máis arriba e comezar por Kostís Palamás, figura precursora de toda a poesía grega do século XX.

A obra de Kavafis é, sen dúbida algunha, a parcela da poesía grega moderna mellor difundida e coñecida no mundo enteiro. En España, sobre todo nos ámbitos lingüísticos do castelán e do catalán, non é difícil atopar diversas versións de parte da

² A. Kampanis, *Istoria tis neas helenikís logotejnías* (*Historia da literatura grega moderna*), Atenas, 1971 (1ª ed., 1925).

³ A. Mirambel, *La littérature grecque moderne*, París, 1953.

⁴ B. Lavagnini, *La letteratura neoellenica*, Milán, 1969.

⁵ M. Vitti, *Storia della letteratura neoellenica*, Turín, 1971 (trad. alemá, Munich, 1972; trad. grega, Atenas, 1978; trad. española, Atenas, 1987).

⁶ M. Morfakidis - A. Pociña, *Poesía grega do século XX. Estudio xeral e antoloxía bilingüe*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.

⁷ L. Politis, *Piitiki Anthología*, Atenas, 1975-1977 (8 vols., coa seguinte ordenación: 1. Antes da caída de Constantinopla. 2. Despois da caída, séculos XV-XVI. 3. A poesía cretense do século XVII. 4. Os Fanariotas e a Escola Ateniense. 5. Solomós e a Escola do Heptáneso. 6. Palamás e os seus contemporáneos. 7. Kavafis, Sikelianós e a poesía ata 1930. 8. A xeración de 1930 e Seferis).

⁸ L. Politis, *Sinoptiki istoria tis neoelenikís logotejnías*, Atenas, 1977 (hai trad. esp. de Goyita Núñez, *Historia de la literatura griega moderna*, Madrid, 1994).

súa obra ou da obra completa⁹. Na edición de *Poemas*, con traducción e prólogo de Ramón Irigoyen, publicada por Seix Barral en 1994, atópase unha crítica rigorosa de varias das traducións ás linguas do estado; lemos alí que Kavafis foi traducido —segundo Irigoyen, pesimamente traducido— varias veces ó castelán, tamén, anque moito menos, ó catalán, e mesmo ó vasco; en cambio, ó galego, só coñece Irigoyen os tres poemas publicados por Morfakidis e quen vos fala na revista *Dorna* en 1987¹⁰, e os cinco que escolmamos en *Poesía grega do século XX*. Ben ou mal traducido, o certo é que poemas de Kavafis poden atoparse en antoloxías, revistas de literatura e de poesía, etc., facendo del un dos poetas estranxeiros máis lidos en España e, daquela, tamén un dos que exerceron unha meirande influencia nos nosos poetas. ¿Como explícalo?

Constitúe Kavafis un dos fenómenos máis curiosos da poesía neohelena. El mesmo confesa:

Son constantinopolitano de orixe, pero nacín en Alexandría —nunha casa da rúa Cherif—; sendo moi neno marchei de alí e unha boa parte da miña nenez transcorreu tamén en Inglaterra. Despois fixen unha visita a este país, xa home, pero de corta duración. Residín tamén en Francia. Na miña xuventude vivín máis de dous anos en Constantinopla. A Grecia hai moitos anos que non vou.

O meu último traballo era de funcionario nun secretariado gubernamental dependente do Ministerio de Obras Públicas de Exipto. Sei inglés, francés e un pouco de italiano¹¹.

Este feito de formar parte do helenismo da diáspora fai que Kavafis quede á marxe das correntes poéticas que xurdiron e tiveron vida no seo do Estado grego, no que, como el nos di, pasou pouco tempo ó longo de toda a súa vida.

A poesía de Kavafis reflexa unha fonda preocupación pola Grecia antiga, a clásica, e, de modo moi especial, polo mundo helenístico e o bizantino. Os lectores de Kavafis sorpréndense decote cando achan poemas titulados “Troyanos”, “Funerais de Sarpedón”, “O cortexo de Dionisos”, “Os cabalos de Aquiles”, “O rei Demetrio”, “Idus de Marzo”, “A gloria dos Ptolomeos”, “Herodes Ático”, “Reis alexandrinos”¹², etc. Por esta razón, non pode sorprender que esta parte da súa poesía, a “histórica”, non resulte moi accesible a moitos lectores e lectoras, e que sexa en boa medida responsable do carácter minoritario da poesía kavafiana.

No aspecto poético, quizais en parte debido a esa característica de grego da diáspora que xa recordei, Kavafis despreocúpase das loitas lingüísticas que no seu

⁹ En Moschos Morfakidis, *Bibliografía de estudios neogriegos en español...*, cit., 74-80 pode comprobarse que existen moitas versións de Kavafis ó español, mesmo das poesías completas, e tamén ó catalán, pero non ó galego.

¹⁰ M. Morfakidis - A. Pociña, “Escolma de poetas gregos do século XX”, *Dorna* 15 (1989), 111-132.

¹¹ Tomado de Luis de Cañigral, *Constantino Cavafis*, Madrid, 1981, 9.

¹² Vede M. Castillo Didier, “Motivos clásicos y postclásicos en la poesía de Kavafis. Ensayo”, *Vetera et Nova* (Caracas) 6 (1977, 1-18; P. Bádenas de la Peña, “Poemas bizantinos de Cavafis”, *Erytheia* I (1982), 3-13.

tempo atormentaban ós homes de letras helenos; el crea unha especie de linguaxe “mesturada”, na que os elementos cultos e os populares se combinan con harmonía, cousa que lle proporciona unha prodixiosa capacidade de expresión por medio de formas verdadeiramente sinxelas. Nisto penso eu que reside ese enorme atractivo que tira polos seus lectores, sempre defensores apaixonados da súa poesía, e tamén a razón do inmenso influxo que exerceu sobre os poetas europeos do século XX.

Os poemas de Kavafis foron moitas veces alcumados como “decadentes”. Pode ser. A verdade é que eu nunca entendín moi ben o que algúns críticos queren expresar por medio dese adxectivo. Non sei. Se teñen razón, ocorrémese dicir que viva a decadencia. Máis sería paréceme a tendencia a sintetizar os diversos aspectos da súa produción, distinguindo nela os poemas “filosóficos ou didácticos”, os “históricos” —ó meu ver, os máis autenticamente seus— e os “hedónicos”, que corresponden ás últimas épocas da súa produción.

A min, persoalmente, os poemas que máis me impresionan de Kavafis son aqueles que teñen un contido universal, que saen das fronteiras do seu mundo grego peculiar, como poden ser *Ta paráthira* “As ventás”, *Déisis* “A súplica”, etc. Sen embargo, coincido coa inmensa maioría dos seus lectores e críticos en recoñecer como peza mestra súa a universalmente coñecida e sempre recordada *Itháki* “Ítaca”. A carón dela, a non menos gabada *Perimenondas tus barbárus* “Agardando polos bárbaros”.

O misterio da “Ítaca” kavafiana resístese á todo tipo de análise. Moitas veces me teño ocupado dese secreto engado, e moitas matinado sobre el con xentes de letras. Vou lembrar, por exemplo, o que escribía, aínda moi novo, o meu querido poeta e compañeiro Luis García Montero en 1987, en *Poesía, cuartel de invierno*:

La nostalgia de un fin claro en el que apoyarse se convierte para el sujeto en un hueco que sólo cabe cubrir con las exigencias de la moral. El camino emprendido, largo si es posible, “rico en experiencias y conocimientos”, termina por ser el único deseo realmente cómplice de la vida. Ítaca, la verdad soñada, no tiene otra riqueza que las enseñanzas morales que sus viajeros pueden conquistar mientras llegan a ella. Y otra vez el viaje nos devuelve a nosotros mismos¹³.

Poderíamos estar horas a opinar sobre “Ítaca”, e ó mellor para non conseguir nada semellante á estupenda glosa musical que dela realizou Lluís Llach no seu “Viaatge a Ítaca”. Pero, como sempre, o mellor é deixar falar ó poeta. Unha vez fixen un estudio, que non cheguei a publicar, sobre oito versións ó castelán, tres ó francés e unha ó catalán deste poema único, para chegar á de sobra coñecida conclusión de que a tradución de poesía é unha traizón imperdoable. Tamén é unha traizón esta de Morfakidis e miña, ó galego, que vou ler:

Cando vaias face-la viaxe cara a Ítaca
prega que sexa longo o camiño,
cheo de peripecias, cheo de coñecementos.
Ós lestrigóns e ós cíclopes,

13

Luis García Montero, *Poesía, cuartel de invierno*, Granada, 1987, 22.

ó entolecido Posidón, non lles teñas medo:
 cousas semellantes no camiño nunca as atoparás,
 se o teu pensamento se mantén ergueito, se unha senlleira
 emoción che toca o espírito e o corpo.
 Cos lestrigóns e cos cíclopes,
 co furioso Posidón non has dar,
 se non os levas xa dentro da túa alma,
 se a túa alma non os pon diante de ti.

Prega que sexa longo o camiño.
 Que haxa moitas mañás vraiegas nas que,
 con que pracer, con que ledicia,
 embocarás en portos deica entón non vistos;
 que ancores en emporios fenicios,
 e mérque-las ricas mercancías,
 nácaras e corais, ámbar e ébanos,
 e engaiolantes perfumes de toda caste,
 tódolos engaiolantes perfumes que poidas;
 vai a moitas cidades exipcias,
 e aprende e aprende dos sabios.
 Sempre na túa mente ten a Ítaca.
 A chegada a ela que sexa a túa meta.
 Mais non forces para nada a túa viaxe.
 Mellor que dure ben anos,
 e, xa vello, que recales na illa,
 rico, con todo o que ganaches no camiño,
 sen agardar que che dea riquezas Ítaca.

Ítaca deuche a fermosa viaxe.
 Sen ela non principiaríalo camiño.
 Pero non ten máis nada que darche.

Aínda que a vexas pobre, Ítaca non te enganou.
 Agora que te fixeches sabio, con tanta experiencia,
 xa caerías na contas do que significan as Ítacas.

3. ANGUELOS SIKELIANÓS (1884-1951)

De mala gana deixo a Kavafis, pero de boa paso a falar un pouquiño de Sikelianós, un dos cumes da poesía grega da primeira metade do século XX, e penso que un dos grandes esquecidos na cultura do noso país, quizais debido á competencia inxusta de Kavafis.

Sikelianós naceu en Leucade, unha fermosa illa de Xonia onde unha lenda tardía situaba o suicidio da poeta Safo, abandonada por Faón, tema romántico que foi

cantado, entre tantos e tantas, por Carolina Coronado¹⁴. Dende moi novo entra en contacto con poetas que van ser fundamentais na súa poética: dos gregos, sobre todo Palamás; de fóra, en primeiro lugar cos ventos que traen de Italia a Gabriele D'Annunzio, de América a Walt Whitman, que algo máis tarde conmovería por igual ó noso Federico García Lorca.

Unha obra de xuventude, absolutamente lírica e persoal, *Alafroiskiotos* “O visionario”, publicada en 1909, consagra xa para sempre a aquel cativador poeta, de quen todos os biógrafos subliñan que era fermoso como un Apolo clásico, cousa que confirman as fotografías que teño vistas del.

Da ideoloxía de Sikelianós sen dúbida resulta o aspecto máis salientable a súa “Idea délfica”, que chegou a propoñerse case como obxectivo primordial da súa existencia: consistía en facer da vella Delfos un lugar de xuntanza dos homes de todas as procedencias, dende o cal se propagarían as verdades eternas do helenismo¹⁵. O libro *Pascua dos gregos*, escrito nos anos 1918-1919, unha especie de evanxeo en verso, no que intenta conxugar os símbolos do paganismo clásico e os do cristianismo, recolle poeticamente ese ideal.

Daquela, parece innecesario dicir que é moi doado conectar coa poética de Sikelianós cando se parte de principios positivos, como poden ser a crenza na bondade humana esencial, a primacía dos valores espirituais, a excelsitude da cultura clásica. Penso que é moito pedir que dous curtos poemas poidan reflectir o espírito de Anguelos Sikelianós, pero vouno intentar, primeiro con *Tó athánato neró* “A auga da inmortalidade”:

E bebín a auga da inmortalidade,
de xeonllos, na cunca da man,
para apagarlle a sede ó corazón coma herba.
Puiden apaga-la sede
da mente no pranto.
¡E bebín o viño da inmortalidade,
o refrescado en covas fondas;
a miña mirada quedou limpa,
soáronme claras as verbas,
riso e luz correume polas veas,
unha visión déulleme pulo
ó pensamento alén da terra!

E agora coa maxistral posta en escena que arrodea a presenza humilde do velliño vaqueiro que conta historias, no poema *O ageladáris* “O vaqueiro”:

¹⁴ Cf. Aurora López, “Safo como referente de las poetas hispanas en los siglos XIX y XX”, *Florentia Iliberritana* 8 (1997), 221-241, esp. 228-233, dedicadas á pervivencia de Safo na poesía de Carolina Coronado.

¹⁵ Cf. Isabel García Gálvez, “Angelos Sikelianós o la misión porfética del poeta”, *Fortunatae* 2 (1991), 37-47.

Pero con máis atención que a ninguén
 escoitábamo-lo vaqueiro,
 todo un home entrado en anos.
 A fronte tíña máis erguida
 cás vacas, e coñecía
 as mudas todas do tempo,
 o camiño po-las estrelas,
 coma se lese na cortiza
 do piñeiro, e na nube,
 e nos ventos da noite,
 e nos silencios dos camiños
 do vento, e no enmudemento
 do grilo que quedo
 calaba, nas praias
 onde ouveaban, ó fuxir lonxe
 unha tempestade, os chacais.
 E aló, dende as illadas
 verdes oliveiras silvestres,
 como inzados de estrelas queimaban,
 con brillos de augas, incontables,
 no campo os vagalumes.

4. KOSTAS KARIOTAKIS (1896-1928)

Nesta rápida introducción á poesía grega do século XX, que vou facendo para achegarnos á figura excepcional de Ritsos, teño que pararme alomenos algúns minutos na figura de Kostas Kariotakis, absolutamente representativa dunha época, denominada ás veces polos estudiosos da literatura grega moderna “xeración dos Vinte”.

De Kariotakis salientan sempre os estudiosos o seu carácter fundamente pesimista, que o empurrou ó suicidio a idade de 32 anos. Na súa vida e na súa obra, o poeta adopta unha postura crítica de fronte a todo tipo de idealismo, sentimento que reflicte nun ton absolutamente sarcástico. Esta postura ante a experiencia vital, e, sobre todo, a sinceridade dela, que parece certificada polo propio suicidio do poeta, deixou unha forte pegada nos escritores de toda unha xeración da poesía grega, chegando mesmo a falarse dunha corrente “kariotacista”. Persoalmente, penso que é necesario ter presente este poeta sempre que nos acheguemos a un aspecto fundamental de boa parte da poesía grega do século XX, que resulta ser o seu pesimismo esencial e existencial. Que o século XX foi, en moitos aspectos, unha auténtica vergoña para o xénero humano é cousa sabida; pero se hai un país onde verdadeiramente dá noxo repasar os acontecementos deses cen anos é en Grecia, assolada continuamente por repetidas dictaduras, guerras, invasións, xenocidios, represións de toda caste... Isto explica moi ben a protesta rigorosa, firme e valente de boa parte dos poetas gregos contemporáneos, que fan da súa obra un instrumento de loita admirable¹⁶.

¹⁶ Este pesimismo esencial e existencial da poesía grega do século XX é un aspecto que califiquei de fundamental no meu artigo “Sillogismí pano stin ellinikí píisi tu eóna mas”, *Efthini* 273

A amargura, o sarcasmo, a ironía, mesmo a crueldade, con que Kariotakis toma posición de fronte ós problemas que estragan a sociedade grega e europea do seu tempo pode percibirse, por exemplo, no soneto *Ímaste...* “Somos...”:

Somos unhas escacharradas
guitarras. O vento, ó pasar,
esperta versos, sons disonantes
nas cordas que colgan coma colares.

Somos unhas increíbles antenas.
Érguense coma dedos no caos,
na súa punta resoa o infindo,
pero axiña caerán rotas.

Somos uns sentidos espallados.
sen esperanza de xuntármonos.
Nos nosos nervios anobélase tóda a natureza.

No corpo, no recordo sentimos dor.
Bótannos as cousas, e a poesía
é o refuxio que envexamos.

5. NIKOS KASANTSAKIS

Remato, en fin, esta etapa dos poetas gregos cun recordo polo menos para a obra poética de Nikos Kasantsakis, sen dúbida o escritor grego do século XX máis coñecido no noso país, debido en primeiro lugar o grande éxito que hai xa anos obtivo a súa versión castelá da novela *Cristo crucificado de novo* (*O Jristós xanatavrónete*); máis tarde, gracias á versión cinematográfica da súa novela *Zorba o grego*, en realidade *Bíos ke politía tu Aléxi Zorbá* (1946); por último, en anos máis próximos, polo escándalo que supuxo a versión cinematográfica da novela *A última tentación de Cristo* (en grego *O teleftéos pirasmós*, 1950-1951).

Emporiso, a súa obra mestra, en opinión do propio Kasantsakis, era a *Odisea*, en 33.333 decaheptasílabos xámbicos, á que dedicou nada menos que seis anos da súa vida, de 1933 a 1938. Comezaba o poema onde o deixara Homero: Ulises, despois de asasinar ós pretendentes de Penélope, decatábase de que Ítaca xa non era bastante para el, e principiaba unha derradeira viaxe que non tiña máis meta que a viaxe en si mesma, algo así como o poema de Kavafis. Recorría Ulises Esparta, onde raptaba a Helena, Creta, as fontes do Nilo, África do Sur, etc. Ademais, atópase con don Quixote, con Hamlet, con Buda, etc., o que lle proporciona un novo xiro ó seu percorrido, que se afasta da meta da viaxe real e se converte en ideal, con ese encontro con personaxes fundamentais da lenda literaria o da historia de culturas moi diferentes da grega. Remataba navegando ata o Polo Norte, onde atopaba xuntas a morte e a liberación total.

(1994), 449-453, adaptado despois en galego: “Algunhas consideracións sobre a poesía grega deste século”, *Boletín Galego de Literatura* 12 (1994), 35-45, esp. 40-41.

A *Odisea* de Kasantsakis, cos seus 33.333 versos longos, é, probablemente, a obra grega do século XX máis difícil de traducir. A súa data orixinal é 1938, a súa primeira versión completa ó inglés publícase nos Estados Unidos en 1958, co título *Odyssey, a modern sequel*. Non coñezo ningunha tradución a ningunha das linguas de España.

6. YORGOS SEFERIS (1900-1971)

O Premio Nobel outorgado no ano 1963 a Yorgos Seferis, primeiro poeta da chamada “Xeración dos 30” na literatura neohelena, supuxo un toque de atención universal sobre a importantísima poesía que no século pasado estaba a producirse en Grecia.

Para un mínimo achegamento á obra de Seferis é preciso ter en conta algúns puntos importantes da súa formación. Nace en 1900 en Asia Menor, na cidade de Esmirna, pero ós catorce anos xa o achamos en Atenas, onde seu pai era profesor da Universidade, e ós dezaioito en París. É alí onde se impregna, ó longo de sete anos, das novas correntes poéticas, das posibilidades líricas ensaiadas e postas en xogo por poetas franceses esenciais na literatura do século XX, quero dicir dende Mallarmé a Valéry. O resultado desa formación nótase xa na súa primeira gran obra, publicada cando tiña 31 anos de idade, *Strofi* “O xiro”, título que amosa esa intención de cambio con respecto ós poetas da xeración anterior.

Segue a súa incorporación ó corpo diplomático grego, ocupando o posto de cónsul en Londres. Alí, o seu meirande descubrimento vai ser a poesía de Thomas S. Eliot¹⁷. A pegada do inglés aparecerá, agora, noutra das seus obras máis importantes, *Mithistorima* “Lenda” (1935), que marca o seu xiro definitivo cara ó verso libre.

Naturalmente, non quixera que estas contadas palabras miñas deixaran a impresión de que Seferis escribía segundo ía aprendendo doutros. Non é iso. O que eu vexo nel é unha síntese, vigorosa e certa, do que estaba ocorrendo nos diversos ámbitos da lírica europea, pero asimilando esas correntes dende Grecia e ó grego: nunha das nosas introduccións a Seferis, dicimos literalmente Morfakidis e máis eu que o premio Nobel “representa un poeta grego por antonomasia, debido á problemática que lle preocupa” na totalidade da súa poesía¹⁸.

Anque non tanto como no caso de Kavafis, a obra de Seferis está bastante ben atendida nas traducións ó español, existindo ademais un estupendo volume da desaparecida colección *Los poetas* de Edicións Júcar dedicado a el, obra de José Antonio Moreno Jurado, que ofrece un bo estudo e estupendas traducións dunha importante

¹⁷ Sobre a notable influencia que o poeta inglés tivo na poesía posterior de Seferis, cf. P. Bádenas de la Peña, “Eliot en Seferis. Influencia y creatividad”, *Erytheia* 14 (1993), 111-122.

¹⁸ En *Poesía grega do século XX*, cit., 95.

escolma dos seus versos¹⁹. Eu vou ler aquí tres pequenas mostras da súa poesía, que me parece fascinante.

A primeira consiste nun poema que coñecen todas as xentes de Grecia: trátase dun fermoso poema de amor desesperado, publicado en 1931 no xa recordado poemario *Strofi*; o poema titúlase *Árnsi* “Negación”; anos despois, Theodorakis púxolle unha música moi grega..., e deste xeito, case por milagre, un poema en principio culto converteuse nunha canción absolutamente popular en Grecia, cun cambio que nos lembra a curiosa historia da “Negra sombra” rosaliana²⁰: de chamarse *Árnsi* “Negación”, pasou a converterse en *Tó periyáli* “A praia”:

Na praia segreda
e branca coma unha pomba
tivemos sede ó mediodía:
mais a auga era salgada.

Sobre a area loura
escribímo-lo nome dela;
ben foi que soprou a brisa
e se borraron as letras.

Con que corazón, con que alento,
canto desexo e canta paixón
tomámo-la nosa vida. ¡Erro!
E cambiamos de vida.

Exactamente dez anos despois, en 1941, Grecia sofre a terrible ocupación nazi, que tan desoladora foi para o país e contra a que levantaron a súa voz potente os mellores poetas helenos. En outubro de 1941, Seferis asina estes catro versos conmovedores:

E as flores ceibaron un berro,
os alcíprestes ceibaron un berro,
e do pozo saíu un berro:
¿por que os matades?

Outubro 1941.

¹⁹ José Antonio Moreno Jurado, *Yorgos Seferis*, Madrid, 1988. Moi interesante para entender a Seferis é a súa obra *Diálogo sobre la poesía y otros ensayos*, Traducción, prólogo y notas de J. A. Moreno Jurado, Madrid, 1989; tamén os traballos de diversos autores, recollidos por Isabel García Gálvez (ed.), *Giorgos Seferis. 100 años de su nacimiento*, Granada, 2002. Polo que se refire a traducións ó español, existen moitas, antolóxicas ou de obras concretas (cf. Moschos Morfakidís, *Bibliografía...*, cit., 92-95), e unha da *Poesía completa*, traducida por Pedro Bádenas de la Peña.

²⁰ Vede Aurora López - Andrés Pociña, “La poesía griega moderna y la canción ligera”, en J. Zaragoza - A. González Senmartí (eds.), *Homenatge a Josep Alsina. Actes del Xè Simposi de la Secció Catalana de la SEEC*, Tarragona, 1992, 397-411, esp. 404, nota 10, onde comparamos a conversión do poema culto *Árnsi* “Negación”, na canción popular *To periyali* “A praia”, coa do poema de Rosalía *Cando penso que te fuches* na canción “Negra Sombra”, e a do poema *Cántiga* de Manuel Curros Enríquez na canción, igualmente popular, “Unha noite na eira do trigo”.

E, só por dar outra mostriña, estes tres versos, do 30 de outubro de 1950, que me fan pensar cómo se pode meter tanta beleza en só dez palabras; o poema titúlase “Éfeso”:

Nembargantes inclínanse
baixo o paso de Deus
os ciclámenes.
Ankara 30.10.1950.

7. ODYSSEAS ELYTIS (1911-1996)

O segundo premio Nobel da literatura grega concédeselle en 1979 a Odysseas Elytis, pseudónimo literario de Odysseas Alepudelis, o máis xenuíno representante da “xeración dos 30”, nado en 1911 na illa de Candía.

Na produción poética de Elytis amósanse, igual que veremos despois en Ritsos, as pegadas inesquecibles dos sufrimentos do pobo grego con motivo da Segunda Guerra Mundial. En efecto, ata 1940, a súa poesía ten un carácter desenfadado e ledó, que reflicte un mundo de ilusións no que todo é fermoso. Como di Lavagnini a propósito de *Prosanatolismí* “Orientacións”, obra de 1939, os seus versos amósanse “penetrados polo vento salgado do Exeo, cheos de luz e de paisaxes mareiras, todos vibrantes da natureza grega, da felicidade de vivir no mundo encantado da mocidade”²¹.

Sen embargo, pouco despois xurde unha cadea de desgracias para Grecia, das que foi a primeira o ataque da Italia fascista en outubro de 1941, que leva ós gregos a se defenderen contra o invasor nos montes do Epiro; segue despois a espantosa ocupación nazi; e máis tarde, por se non fose abondo, unha guerra civil.

En 1941, Elytis aparece na fronte de Albania; lonxe da luz, da cor, do sol, da ledicia de vivir no Exeo, a súa poesía dá un xiro total, e desa terrible experiencia militar nace un pequeno gran libro: *Ásma iroikó ke pénthimo yá ton jaméno anthipolojagó tis Albanías* “Canto heroico e fúnebre polo subtenente caído en Albania”, 1945, un conxunto de catorce poemas líricos cunha estrutura moi coidada, que preludia a obra capital do autor, *Áxion estín*. En 1980 publicaron, en Ciudad Real, unha estupenda edición bilingüe, en grego e castelán, do *Canto fúnebre...* Pedro Bádenas de la Peña, Luis de Cañigral e Dimitri Papagueorgui. Velaí, como mostra, só unha parte do poema VI, na versión galega de Morfakidis e miña:

Era un mozo valente;
con botóns de cor mate dourada e a pistola,
con aires de home no andar
e con casco, branco brillante
(tan fácil entraron no cerebro
do que nunca coñeceu o mal),
cos seus soldados esquerda-dereita
e a vinganza pola inxustiza diante del

²¹

La letteratura neoellenica, cit., 220.

—¡fogo ó fogo ilegal!—
 co sangue sobre as cellas.
 As montañas de Albania resoaron,
 despois derreteron neve para lavar
 o seu corpo, naufraxio silencioso da aurora,
 e a súa boca, paxaro pequeno que aínda non cantara
 e as súas mans, prazas abertas dos ermos.
 Resoaron as montañas de Albania,
 non choraron.
 ¿Para que chorar?
 ¡Era un mozo valente!

Do *Canto fúnebre...* pasa Elytis a unha obra máis longa e máis elaborada, *Áxion estín* “*Dignum est*”, que toma como punto de partida a liturxia bizantina, para cantar os sufrimentos da nación grega. Elytis comeza a obra despois de escribir o *Canto fúnebre...*, e, a continuación, retrácese durante dez anos, ata que por fin publica esta xoia da literatura mundial en 1959.

Sorprende sobre todo en *Áxion estín* a elaborada estrutura poética, que foi obxecto de multitude de estudos. Lavagnini acerta a resumila en poucas liñas:

Dividida en tres partes con ríxida concepción simétrica, a obra está formada por 30 anacos poéticos (12 odas e 18 salmos), que se agrupan arredor de seis anacos en prosa chamados *anagnósmata*, é dicir, “lecturas”. As partes da triloxía responden ós tres momentos esenciais da guerra de Albania, da ocupación inimiga e da discordia civil²².

Sobre *Áxion estín* compuxo Mikis Theodorakis a que quizais sexa a súa obra mestra, o “Oratorio popular” que leva o mesmo nome, rematado en 1960 e estreado en 1964. Eu penso que ninguén como o gran compositor comprendeu xamais esta obra de Elytis. En plena “dictadura dos coroneis”, publicou un comentario breve sobre o libro de Elytis e o oratorio por el composto, do que vou lervos unha breve pasaxe:

Áxion estín preséntaseme como un verdadeiro monumento da arte grega contemporánea. O carácter profundamente grego do poema —a súa “grecidade”— colócao na primeira liña do combate do noso pobo pola súa emancipación. Naturalmente, as dimensións excepcionais do texto poético, a súa estrutura e o seu aspecto formal conducían por si mesmos á procura dunha nova forma musical. A obra repasa e resume toda a historia da nación grega, dende o nacemento “deste pequeno, deste gran mundo” ata a intuición profética, á fin do poema, dos desastres da dictadura actual que caeu sobre o noso pobo²³ (281).

Pouco máis podo dicir nesta ocasión sobre *Áxion estín*, e tampouco non vou recorrer neste caso a ler unha pequena mostriña, que de pouco serviría. En castelán hai unha tradución de Cristián Carandell, publicada en 1980 nas Seleccións de Poe-

²² *La letteratura neoellenica*, cit., 223.

²³ Mikis Theodorakis, *Culture et dimensions politiques*, Traduit du grec par J. Criticos et P. Comberousse. Préface de R. Garaudi, Paris, 1973, 281.

sía Universal de Plaza y Janés²⁴. Ó galego, se non erro, aínda non foi traducido. Suñoño que pagaría a pena facelo.

8. YANNIS RITSOS (1909-1990)

O poeta Yannis Ritsos nace no mes de maio de 1909 no Peloponeso, na poboación de Monenvasiá... Eu non podoo falar sen emocionarme de Yannis Ritsos, un dos meus poetas preferidos de calquera nación ou lingua, por quen sempre sentín unha grandísima admiración, de quen teño falado moitas veces, e a quen non cheguei a coñecer persoalmente, nin chegar a cumprir o meu desexo de que a Universidade de Granada o fixese Doutor Honoris Causa, aló polo ano 1988, o que podería ser unha oportunidade única para que coñecese a patria dun poeta que amaba moito, Federico García Lorca, e para que trabase amizade directa cun correlixionario que admiraba de verdade, Rafael Alberti...²⁵ ¡Demasiado tarde! O poeta, moito máis enfermo do que pensamos, pasaba os seus últimos días retirado na illa de Lemnos, de onde xa era imposible movelo. Un gran amigo seu, Dimitri Papagueorgiu, conta deste modo o seu último encontro co Poeta:

El mes de febrero de este mismo año (1990) fue la última vez que le vi. Me abrieron la puerta, no le hablé. Su bella figura parecía más anciana que su edad, y por encima le cuidaba la sombra de Caronte, descansando sin agonía alguna, quizás hablaba con aquella sombra, como tantas veces, y ésta parece que le prometía una dulce muerte sobre la blanca cama donde por la ventana del último hospital dejó su última mirada fuera en la placenta cósmica²⁶.

E deste modo, poucos meses despois morría Yannis Ritsos, o 12 de novembro de 1990.

Volvo atrás: dixen que naceu en Monenvasiá. Eu non coñezo Monenvasiá, nin penso que o dato do nacemento exacto dun poeta signifique moito na maioría dos casos. Emporiso... De Monenvasiá di estas maravillosas palabras o gran poeta Kostas Uranis (1890-1953), na súa obra *Taxídia. Eláda* “Viaxes. Grecia”:

Dende neno levaba gravada na mente unha imaxe de Monenvasiá. Atopei o seu nome por vez primeira pasando as páxinas dun vello libro, ó pé dunha ilustración que a amosaba da forma que empregan os cartógrafos medievais para debuxar as cidades costeiras. Vía un inmenso promontorio, nu e tallado a pico, que tiña cravada nunha das súas abas unha pequena cidade arrodeada de murallas, ameas e torres. Arredor do promontorio estendíase o mar infindo, debuxado na ilustración con pequenas curvas, iguais e paralelas...

²⁴ Odysseas Elytis, *Dignum est*, versión de Cristián Carandell, Barcelona, 1980.

²⁵ Un coñecemento personal que el desexaba, segundo sei de boa tinta, semellante sen dúbida o que tivo en 1966 en La Habana co poeta Nicolás Guillén, unido a el en tantos aspectos, poéticos e ideolóxicos: cf. Elina Miranda Cancela, “Nicolás Guillén y Yannis Ritsos: encuentros y traducciones”, en *La tradición helénica en Cuba*, La Habana, 2003, 175-185.

²⁶ Dimitris Papageorgiu, “Recordando a Yannis Ritsos”, *Pío konta stin Ellada / Más cerca de Grecia* 7 (1991), 15 ss.

Tiven a rara fortuna de vela de noite, á pálida luz da lúa, e a impresión que me causou aínda foi máis grande de canto esperaba. A medida que o vapor ía achegándose, ía vendo unha rocha inmensa que xurdía, sombría e abrupta, no medio do mar prateado,... Pola aba descendía cara ó mar unha cidade pequeniña, totalmente branca e esvaída como unha lápida mortuoria, arrodeada por un cinto de murallas que parecía que lle impedían rodar e ir caer nas augas...

Alí nace Ritsos. Seu pai chamábase Elefthérios “Home libre”, súa nai Elefthería “Libertade”. Non parece mera casualidade. Ós oito anos xa escribía versos.

A poesía de Ritsos é o resultado dunha vida e dunha ideoloxía, e non se pode entender sen falarmos dunha e outra. Xa dende os tempos da nenez, a vida de Ritsos parece marcada polo infortunio: ten só doce anos cando asiste á morte por tuberculose, do seu irmán Dimitri, e poucos anos máis tarde á de súa nai, unha muller aínda moi nova. Ós dezaseis anos xa traballa, de oficinista, pois seu pai arruinárase: ós dezasete colle a tuberculose, que lle abre unha triste e duradeira peregrinaxe de sanatorios en sanatorios. Para completar este panorama, mentres vai gañando a vida como pode nos oficios máis variados (actor, bailarín, etc.), ve como é internado seu pai no hospital psiquiátrico Dafnis en 1932, e, en 1936, no mesmo centro onde seguía o pai, a súa irmá queridísima, Lula.

Só contei a metade da metade dos infortunios da primeira parte da vida do Poeta. A pesar de todo, Ritsos escribe e escribe; como era de esperar, non son alleas á súa poesía as desgracias propias: no ano 1937 publica o libro *To tragúdi tis aderfís* “A canción da irmá”, dedicado a esa irmá internada un ano antes nun psiquiátrico.

Pero Ritsos ten unha calidade moi fermosa, que a min faime pensar na nosa Rosalía, que consiste en que non se pecha nas súas penas, que, malia ser moitas e moi grandes, aínda lle deixan espacio no corazón para ocuparse das alleas. Este home, cualificado unha e outra vez como o poeta de liberdade, enche os seus poemarios, verdadeiramente numerosos, dos seus sentimentos e as súas angustias, pero tamén, quizais sobre todo, dos da súa terra e as súas xentes: deste xeito, en 1936, publica o seu libriño *Epitáfios*, ó meu ver unha das xoias supremas da poesía grega do século XX. Vou falar un pouco del.

O ano 1936, tan terrible para nós, foi tamén calamitoso para Grecia, que viu xurdir nel unha nova dictadura. Unha das primeiras manifestacións do que podía dar de si a dictadura de Metaxás, igual que todas as dictaduras, foi a terrible represión dunha folga de obreiros da tabaqueira de Tesalónica, rematada coa morte de varios obreiros. Ó día seguinte, Ritsos ve nun xornal a fotografía dunha nai recollendo o corpo dun fillo morto na manifestación, e compón en pouquísimo tempo *Epitáfios*, que contén os lamentos da nai que chora a perda do seu fillo, como se estivese a falar dun neno. Son só 20 poemas, escritos en dísticos rimados de quince sílabas, é dicir, o metro no que está composto o mellor da poesía popular grega²⁷. Así comeza o poema

²⁷ Cf. Javier Alonso Aldama, “El verso decapentasilabo”, *Pio konta stin Ellada / Más cerca de Grecia* 12-13 (1997), 17-54.

primeiro, no que chama a atención esa serie de diminutivos, que nada extrañan dende a perspectiva da nosa lingua galega:

Fillo meu, entraña das miñas entrañas, corazónciño do meu corazón,
paxariño do resío pobre, flor do meu ermo,

¿como cerraron os teu ollíños, e non ves que choro,
e non te axitas, non entendes as amarguras que che digo?

Filliño meu, ti que sandabas todas as miñas penas,
que adiviñabas o que pasaba detrás das miñas pestanas,

¿agora non me consolás nin deitas palabras,
e non adiviñas as feridas que me roen as entrañas?

Despois de dezanove poemas nos que Ritsos se mete baixo a pel e no corazón desa nai desesperada que gaba todas as glorias imaxinables dese heroe morto, un fermoso mozo na flor da vida, o conxunto remata co estremecedor poema XX, onde a nai recolle como herdanza do seu fillo a necesidade de ocupar o seu posto na loita. Velaí o primeiro dístico e o derradeiro:

Doce fillo, non estás perdido, estás nas miñas veas.
Fillo meu, nas veas de todo o mundo, entra profundo e vivo.

Fillo meu, vou xunto ós teus irmáns e coa miña ira
recollín o teu fusil. Durme, ti, paxariño meu.

Epitafio é o gran libro grego daqueles anos²⁸. O dictador Metaxás deu orden de que se queimase publicamente diante do Olimpeion de Atenas, porque era un perigo público... Mikis Theodorakis púxolle música a algunhas das súas estrofas, cun éxito inmenso que chega ata os nosos días, en que as mellores cantantes de Grecia seguen interpretando estas cancións²⁹.

Hai unha tradución ó castelán de Dimitri Papageorgiu, o famoso gravador grego instalado en Madrid; eu estimo moito a Dimitri, e os seus gravados parécenme obra excepcional, de inmensa beleza; sen embargo, as traducións de Ritsos penso que poden mellorarse³⁰. Eu teño practicamente rematada unha versión galega de *Epitáfios*, que me levou moitas horas, moitas máis que a Ritsos a composición da obra; pero non penso publicala.

Con esta obra Ritsos declaraba publicamente algo que xa era sabido, é dicir, a súa implicación en todos os movementos cidadáns de esquerda. Loitando decote,

²⁸ De feito, a súa fama vai en aumento co paso dos anos, como proba o número das edicións: sen contar as edicións no primeiro volume das *Poesías (Piímata A' Tómos)*, Atenas, 1961 e edicións posteriores), *Epitáfios* en volume independente, publicado por Edicións Kédros de Atenas, chegaba en 1987 á edición trixésimo novena.

²⁹ Vede Aurora López - Andrés Pociña, "La poesía griega moderna y la canción ligera", cit., 405-407.

³⁰ Yannis Ritsos, *Antología 1936-1971*, Versión de Dimitri Papageorgiou, Introducción por Antonio Tovar y Goyita Núñez, Barcelona, 1979 (contén, entre outras obras varias do período sinalado, a versión do *Epitafio* completo, 45-64).

sempre dende a súa precaria saúde, enfróntase primeiro a Metades, cabeza da dictadura de 1936 a 1941; no ano 1942 forma parte da Fronte de Liberación Nacional, e seus versos son emblemáticos na resistencia contra o imperialismo nazi. Hai fermosos poemas daqueles anos, pero non teño tempo para lembralos. Despois da invasión nazi, Grecia padece unha guerra civil, e principia a peregrinaxe de Ritsos por campos de prisioneiros, entre 1948 e 1950, pasando en anos sucesivos polos de Lemnos, Makrónisos e Ai-Strati. Repasando a vida do inmenso poeta, produce verdadeira vergoña a historia desta tan civilizada Europa nosa do século XX. Prisioneiro, Ritsos non deixa de escribir a ritmo frenético, moitas veces ás agachadas, porque a prohibición meirande que pesa sobre el é precisamente a de escribir. Por fin parecen rematadas as penas do Poeta en 1952, cando é liberado, vai a Atenas, forma parte da EDA (Unión da Esquerda Democrática) e ata casa, coa médica Falitsa Georgiadis, e ata ten unha filla, a quen pon por nome Elefthería, ¿como non?, e dedícalle un fermoso libro, *Proinó astro* “Estrela matutina” (1955). Publica poemas sen descanso, mesmo nas súas estadias sen fin por hospitais. Por este tempo escribe unha das súas obras máis famosas, *Romiosini* “Helenidade” (1954), en opinión de Antonio Tovar e Goyita Núñez “un canto a Grecia, a su tierra dura y seca, sin agua, donde la sed y el hambre son inmemoriales, donde la luz, la tierra y el mar lo invaden todo; es un canto a la grecia antigua, medieval y moderna [...] La belleza del poema viene dada ya en su ritmo interno —ha desaparecido totalmente el metro—, en la fuerza de su palabra, en la reiteración de sonidos y sintagmas”³¹. Con estes versos principia:

Estas árbores non se axeitan con menos ceo,
estas pedras non se axeitan baixo os pasos forasteiros,
estes rostros non se axeitan se non é ó sol,
estes corazóns non se axeitan se non é coa xusticia.

Esta paisaxe é dura como o silencio,
aperta no seu peito as súas ardentes pedras,
aperta na luz as súas orfas oliveiras e vides,
aperta os dentes. Non hai auga. Só luz.
O camiño pérdese na luz e a sombra do valado é
de ferro.

Petrificáronse as árbores, os ríos e as voces entre
entre a cal do sol.
A raíz tropeza no mármore. Os poeirentos xuncos.
A mula e a rocha. Alasan. Non hai auga.
Todos teñen sede. Dende hai anos. Todos mastigan un bocado
de ceo por riba da súa tristura.

Os seus ollos están vermellos polo sono,
un fondo rego afonda entre as súas cellas
coma un alcipreste entre dúas montañas ó solpor.

A súa man está apegada ó fusil,
o fusil é a continuación da súa man,
a súa man é a continuación da súa alma -

31

Yannis Ritsos, *Antología 1936-1971*, cit., 22 ss.

teñen nos seus labres a carraxe
e teñen a mágoa no fondo fondo dos seus ollos
coma unha estrela nunha focha de sal...

Por estes anos, cando llo permite a saúde sempre deficiente, visita Romanía, Alemaña oriental, Cuba. Pero en 1967 atopáremolo outra vez relegado a campos de concentración polas illas gregas, agora por obra e desgracia dunha nova dictadura, a tremenda dos coroneis³².

Este é Yannis Ritsos³³. Toda a súa vida, as súas ideas rectilíneas, o seu corazón enorme, contense nos seus incontábeis libros de poemas. Media vida e hospitais e en campos de concentración, e toda a vida loitando por Grecia libre, contra o fascismo grego, contra o nazismo alemán, contra o fascismo grego, contra as dictaduras. Remato coa súa voz, en dous poemas, un de *Kapnisméno tsukáli* “A ola afumada”, do ano 1974³⁴, e do mesmo ano, escrito nun campo de concentración da illa de Samos, o fermoso poema quinto e último de “Himno e treno por Chipre”³⁵:

Estas marcas encarnadas nos muros poda que ata sexan de sangue
—todo o encarnado nos nosos días é sangue—
poida que ata sexan do ocaso que topa co muro enfrontado.
Cada tarde as cousas arrubian antes de esmoreceren,
e a morte está máis preto. Fóra dos barrotes
están as voces dos nenos e o asubío do tren.
Entón as celas fanse máis estreitas,
e cómpreche imaxina-la luz nun campo de espigas,

³² Unha sucinta pero útil cronobiografía de Ritsos, ata o ano 1976, pode verse na *Antología 1936-1971* citada. Tamén é interesante a de Penélope Stavrianopulo, “Vida y obra de Yannis Ritsos (1909-1990)”, publicada no volume que a revista de Unversidade Complutense de Madrid *Pio konta sin Ellada / Más cerca de Grecia* lle dedicou a Ritsos con motivo do seu pasamento (vol. 7, 1991). Máis ampla e detallada, comprendendo ata o ano 1988, é a cronobiografía de Theodorí Petrópulos, “Ironológió Giánni Rítsu”, *Diabazo* 205 (1988), 34-46.

³³ É dicir, este é Yannis Ritsos dende unha interpretación que non rexeita o contido ideolóxico esencial na súa poética, que, en cambio, serve a miúdo para establecer xuízos negativos sobre ela; para poñer un só exemplo, Linos Politis, na súa prestixiosa e moi difundida *Historia de la literatura griega moderna*, cit., escribe sobre o Poeta parágrafos como este, que fala por si mesmo: “La poesía de Ritsos toca de cerca la problemática del hombre actual, como individuo y dentro de la sociedad. Algunas veces quiere también más directamente (es decir menos poéticamente) servir a su ideología social; no son estos sus poemas más afortunados. Otras veces su aguijón social puede quizás existir como intención (alguna vez lo revela sólo la posición hipercrítica de sus comentaristas) es, sin embargo, el punto menos significativo del poema. Aragon (que habló con excesiva adulación de Ritsos) cuando le explicaron que *La sonata del claro de luna (I Sonáta tu selinófotos)* (1956) ‘expresa el trágico encantamiento en el que ha caído el individualismo y toda la cultura urbana’ pasó por alto esta interpretación y se detuvo con comprensión sólo en los elementos puramente líricos del poema” (240-241).

³⁴ Desta obra hai unha edición española bilingüe: Yannis Ritsos, *La olla ahumada / Kapnisméno tsoukali*, Traducción de Luis de Cañigral, Ciudad Real, 1982.

³⁵ Desta pequena obra (cinco poemas, con corenta versos en total) existe unha fermosa edición española: Yannis Ritsos, *Himno y Llanto por Chipre*, Traducción de Pedro Bádenas de la Peña, Madrid, 1985, bilingüe, cos poemas gregos caligrafiados polo propio Ritsos e as versións ó castelán por Dimitri Papagueorguiui, a quen se deben tamén as ilustracións.

e o pan na mesa dos pobres,
 e as nais que sorrín nas fiestras
 para atopar un pouco de espacio onde estira-las pernas.
 Naqueles intres apérta-la man do teu compañeiro,
 faise un silencio cheo de árbores,
 o cigarro partido pola metade dá voltas de boca en boca
 coma un fanal que busca na fraga - atopámo-la vea
 que chega ó corazón da primavera. Sorrímos.

* * * * *

Illa antiga, illa nova, illa dos martirios,
 a túa luz eterna ensanguentouse nos dentes das bestas.
 Facede o xuramento, meus irmáns, no medio da creación
 para que o inxusto xa se condene e o xusto se festexe.
 E que a gloria que andaba no mouro lombo da montaña
 teña como compañía a Liberdade e a Leticia.
 Coraxe, nosa filliña, que te nos fixeches nai,
 himno e pranto da vida e de resurrección campá.

Karlovasi de Samos, 20.VIII.74.